



Concello de Lugo

CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN ESTRATEXIAS URBANAS FINANCIADAS CON FONDOS FEDER (Grupo A1) – FUNCIONARIO/A INTERINO/A

ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN ESTRATEXIAS URBANAS FINANCIADAS CON FONDOS FEDER (Grupo A1) – FUNCIONARIO/A INTERINO/A

Hora: 13.30h

Data: 2 de xuño de 2026

Reúnense no edificio CEI-NODUS sito na Avenida da Coruña, nº 500-1º andar, os funcionarios/as designados do Tribunal de selección referido.

Preside o acto o presidente titular, don José Quijada Morandeira, Xefe de Gabinete de Formación da Deputación Provincial de Lugo.

Actúan como vogais titulares dona Isabel Villamor Cabado, Xefa de Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo; don César Castiñeira Muiña, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo; e como vogal suplente dona Susana Penedo Souto, Adxunta ao Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Actúa como secretario titular don Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Comprobado o quorum de asistencia e por estar todos os seus membros titulares presentes, dáse por iniciada a sesión.

1) RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS

Se da conta das presentadas por:

- **MARÍA TERESA VILA PAZ**, que solicita:

- A) A revisión do exame práctico conforme ás bases da convocatoria.
- B) Revisión dos méritos por non terse tido en conta na fase de concurso o curso FC-25/2537 denominado «LINGUAXE ADMINISTRATIVA E XURÍDICA DA LINGUA GALEGA (MODALIDADE EN LIÑA)».
- C) Aduce que na proba tipo test, na pregunta 10, non hai ningunha resposta correcta polos seguintes motivos: a resposta b) é claramente financiable con cargo ao FEDER e a dúbida estaría entre a resposta a) ou a c), se ben o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, regulado polo Regulamento (UE) 2021/1058, contempla como financiables tanto determinadas inversións produtivas como actividades de I+D+i.

En relación ás alegacións formuladas por Doña María Teresa Vila Paz, os membros do Tribunal con dereito a voto consideran que:

1ª ALEGACIÓN: REVISIÓN DO EXAME PRÁCTICO

A xurisprudencia que cita a reclamante, neste aspecto, efectivamente esixe unha motivación suficiente cando unha persoa aspirante presenta unha reclamación. Porén, isto non implica que a valoración deba ser favorable nin que o tribunal estea obrigado a outorgar unha maior puntuación cando as respostas conteñen erros substantivos.

Esta parte comparte que a discrecionalidade técnica dos órganos de selección está suxeita a control e que as cualificacións deben estar suficientemente motivadas, conforme á doutrina xurisprudencial invocada pola recorrente. Non obstante, dita esixencia de motivación non supón a substitución do xuízo técnico do Tribunal nin obriga a outorgar unha valoración distinta cando a puntuación asignada atopa fundamento no contido efectivamente desenvolvido pola aspirante.

No presente caso, a cualificación outorgada responde á aplicación dos criterios de corrección establecidos para o exercicio e á valoración conxunta dos coñecementos demostrados en relación coas materias obxecto de exame. A circunstancia de que a aspirante desenvolvese determinados contidos vinculados a programas europeos, financiamento ou xestión de proxectos non desvirtúa o feito de que varias das cuestións formuladas fosen respondidas de forma incorrecta respecto de aspectos substanciais esixidos polo temario e polas funcións asociadas á praza convocada.

En particular, o Tribunal constatou a existencia de erros de contido en dúas das preguntas obxecto de avaliación, circunstancia que necesariamente incidiu na puntuación final obtida. Tales erros afectan ao nivel de coñecemento acreditado pola aspirante e constitúen un elemento lexítimo e relevante de valoración dentro do exercicio das funcións técnicas atribuídas ao órgano cualificador.

Así mesmo, fronte á afirmación da recorrente relativa a unha suposta insuficiente valoración dos coñecementos técnicos acreditados, debe sinalarse que a puntuación outorgada respondeu á corrección material e xurídica das respostas emitidas e non a consideracións meramente formais ou expositivas. O Tribunal valorou os coñecementos técnicos e xurídicos dos candidatos de forma horizontal e mediante comparativa, é dicir, coa lectura por exemplo da primeira pregunta do exame de todos os opositores, e así coa segunda, coa terceira, e co resto.....De cada lectura realizouse un xuízo completo, de todos os aspectos técnicos e normativos. En todo caso, e aínda que a lectura en moitos casos foi complicada dado que a caligrafía dalgúns exame non era moi lexible, isto non foi tido en conta á hora da valoración. A presentación, a caligrafía, e aspectos formais similares, non se tiveron en conta para a corrección, só os aspectos técnicos e normativos. Destacar que os aspirantes puideron facer uso da lexislación e normativa para a contestación das preguntas da proba (suposto práctico).

En particular, o Tribunal apreciou erros de contido en dúas das cuestións formuladas que incidían directamente sobre aspectos esenciais da contratación pública obxecto do exercicio.

Así, na pregunta terceira, relativa aos límites que deben respectarse ao fixar os requisitos de solvencia económica e técnica, a aspirante non respondeu á cuestión formulada, desenvolvendo a súa contestación arredor dos criterios de adxudicación



Concello de Lugo

CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN ESTRATEXIAS URBANAS FINANCIADAS CON FONDOS FEDER (Grupo A1) – FUNCIONARIO/A INTERINO/A

previstos na normativa contractual, institucións xurídicas distintas dos requisitos de solvencia, cuxa diferenciación constitúe un coñecemento básico e esencial na materia obxecto de exame.

Do mesmo xeito, na pregunta cuarta, relativa á posibilidade de prorrogar un contrato unha vez vencido e aos mecanismos legalmente previstos para evitar a interrupción do servizo, a aspirante confundiu a eventual prórroga da execución dun proxecto coa prórroga contractual en sentido estrito, que era precisamente o obxecto da pregunta formulada. Tal confusión afectou ao núcleo da cuestión exposta e impediu considerar correctamente respondido o apartado correspondente.

En canto o resto das preguntas do suposto práctico, maniféstase unha ausencia de referencias normativas ou lexislativas, unha vez que permitíase a utilización de textos normativos, para a contestación das preguntas formuladas no exercicio, que si se reflectían nos exames outros aspirantes.

Por iso, a menor puntuación obtida non deriva dunha valoración insuficiente de coñecementos especializados nin dunha prevalencia de criterios formais, senón da apreciación de erros substantivos en respostas referidas a institucións xurídicas fundamentais directamente vinculadas ao contido funcional da praza convocada. En consecuencia, o Tribunal considera que a cualificación outorgada se axusta aos criterios de corrección aplicados e reflicte adecuadamente o nivel de coñecementos demostrado no exercicio.

A alegación formulada non pode ser estimada.

2ª ALEGACIÓN: Revisión dos méritos por non terse tido en conta na fase de concurso o curso FC-25/2537 denominado “LINGUAXE ADMINISTRATIVA E XURÍDICA DA LINGUA GALEGA (MODALIDADE EN LIÑA)”

En relación coa alegación presentada pola recorrente relativa á falta de valoración do curso FC-25/2537 denominado «Linguaxe Administrativa e Xurídica da Lingua Galega (modalidade en liña)», revisada a documentación achegada e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, conséntase que dito curso non acredita nin ten recoñecida a equivalencia co Curso de Linguaxe Administrativa de nivel medio ou superior esixidos para a súa valoración no apartado de coñecemento da lingua galega.

A documentación da convocatoria do curso presenta o mesmo como unha acción de formación continua da FEGAMP dirixida ao persoal da administración local e prevé a expedición do correspondente diploma ou certificado de aproveitamento, pero non indica que estea homologado lingüísticamente nin que teña equivalencia cos certificados CELGA. A maior abundamento, os cursos de linguaxe administrativa galega tanto o medio coma o superior, constan de 75 horas cada un, mentres que o a chegado ten unha duración de 40 horas.

O que si parece claro é que forma parte do Plan Interadministrativo de Formación Continua 2025 da FEGAMP, polo que se trata dunha actividade formativa oficial destinada ao persoal das administracións locais galegas.

En consecuencia, non procede a súa valoración, polo que se desestima a alegación formulada, manténdose a puntuación inicialmente outorgada.

3ª ALEGACIÓN: Pregunta 10 do test, non hai ningunha resposta correcta

Desde un punto de vista xurídico estrito, segundo o Regulamento (UE) 2021/1058 relativo ao FEDER, ningunha das tres opcións é, en si mesma, un gasto non elixible de forma xeral.

- a) Compra de maquinaria para modernización industrial → Elixible (habitual en proxectos de competitividade e produtividade).
- b) Adquisición de terreos para a execución de proxectos → Tamén é elixible, aínda que con limitacións cuantitativas (normalmente unha porcentaxe máxima do custo total do proxecto, salvo excepcións).
- c) Proxectos de investigación aplicada vinculados á innovación tecnolóxica → Elixible dentro dos obxectivos de innovación e I+D.

O regulamento non establece a adquisición de terreos nin a compra de maquinaria como gastos prohibidos, senón que regula condicións e límites.

Os gastos tipicamente non elixibles no FEDER son outros, como intereses da débeda, sancións, IVA recuperable ou certos gastos financeiros.

Conclusión: todas as respostas poden ser elixibles baixo condicións.

Estímase a alegación presentada. Procede anular² a pregunta 10 do exame tipo test, e aplicar a pregunta nº 1 de reserva. Débese polo tanto recalcular as notas do exame tipo test de todos os aspirantes.

- **MARÍA RITA GARCÍA NOVOA**, que solicita:

A) Se revise a baremación da fase de concurso incluíndo e computando o mérito alegado correspondente a Máster Universitario Mecés 3 e modificando a táboa de puntuación neste punto, sumando 2 puntos na fase de concurso.

B) Se proceda a revisión das notas dos exames.

En relación ás alegacións formuladas por Dona María Rita García Novoa, os membros do Tribunal con dereito a voto consideran que:

1ª ALEGACIÓN: SE REVISE A BAREMACIÓN DA FASE DE CONCURSO INCLUÍENDO E COMPUTANDO O MÉRITO ALEGADO CORRESPONDENTE A MASTER UNIVERSITARIO MECES 3 E MODIFICANDO A TÁBOA DE PUNTUACIÓN NESTE PUNTO, SUMANDO 2 PUNTOS NA FASE DE CONCURSO.

A recorrente fundamenta a súa pretensión na circunstancia de que os títulos oficiais de Máster Universitario se encadran no nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), así como na



Concello de Lugo

CONCURSO-OPOSICIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN ESTRATEXIAS URBANAS FINANCIADAS CON FONDOS FEDER (Grupo A1) – FUNCIONARIO/A INTERINO/A

correspondencia ao mesmo nivel MECES de determinadas licenciaturas anteriores á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior.

Porén, a adscrición dunha titulación a un determinado nivel MECES ten por finalidade establecer a súa correspondencia académica e profesional dentro do sistema educativo, pero non determina por si mesma a súa valoración como mérito nun proceso selectivo nin modifica os criterios de puntuación establecidos nas bases da convocatoria.

En relación coa alegación relativa á valoración do título de Máster Universitario, esta non pode ser estimada.

2ª ALEGACIÓN: SE PROCEDA A REVISIÓN DAS NOTAS DOS EXÁMENES.

Examinada a documentación achegada e revisada a valoración efectuada, non se aprecia erro igualmente na corrección dos exames realizada polo tribunal, polo que procede desestimar a alegación formulada e manter a puntuación inicialmente outorgada.

O Tribunal, ACORDA por unanimidade:

PRIMEIRO: Resolver as alegacións formuladas por Dona María Teresa Vila Paz e por Dona María Rita García Novoa, nos termos indicados no punto I. da presente acta.

SEGUNDO: Modificar as puntuacións da proba test, unha vez que se anula a pregunta nº 10, e despois de ser corrixida a pregunta nº 1 de reserva:

Apelidos e nome	PROBA TEST
- Arrojo Fernández, Paloma	5,80
- Fernández Díaz, Alicia	6,20
- González Novoa, María Rita	6,00
- Torrente Pérez, Francisco Denís	7,00
- Vila Paz, María Teresa	5,00

SEGUNDO: Modificar as puntuacións totais do proceso selectivo, logo de verse alteradas as puntuacións do exame test, quedando confeccionada unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que aprobou o único exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumáronse as puntuacións obtidas nas fases de concurso e oposición, dando como resultado a seguinte lista:

Apelidos e nome	Méritos	Proba teórico-práctica	Puntos totais
González Novoa, María Rita	3,35	12,00	15,35
Arrojo Fernández, Paloma	4,00	11,15	15,15
Torrente Pérez, Francisco Denis	2,25	11,30	13,55
Vila Paz, María Teresa	2,60	9,20	11,80

E para que conste asinan a presente acta os membros do tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 14:35 h do día 2.06.2026 de todo o que como Secretario do Tribunal dou fe,

O Presidente do Tribunal de Selección
José Quijada Morandeira

O Secretario do Tribunal de Selección
Justo Díaz Rodríguez

Os Vogais do Tribunal de Selección
Susana Penedo Souto Isabel Villamor Cabado

Cesar Castiñeira Muiña